




CONCELLO DE BOIRO

Secretaría 1/4

CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019
Casa do Concello



NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión ordinaria do PLENO DO CONCELLO

Notifícase a Resolución da Alcaldía do 25/01/2016 que di:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional), do 22/01/2016.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 28/01/2016
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.
Orde do día:

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1 Anteproxecto de Lei de Acuicultura e Galicia
- 2 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 12/11/2015, Acta 2015/12
- 3 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 23/11/2015, Acta 2015/13
- 4 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 17/12/2015, Acta 2015/14
- 5 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 29/12/2015, Acta 2015/15
- 6 Aprobación definitiva dos orzamentos municipais para o exercicio de 2016
- 7 Aprobación inicial da modificación do Regulamento do funcionamento do Servizo de préstamo de axudas técnicas do Concello de Boiro
- 8 Nomeamento de representantes do Concello de Boiro en órganos colexiados



- 9 *Moción de Boironovo Son sobre a aprobación dun conxunto de medidas para mellorar o funcionamento e organización do pleno municipal e dotar dunha maior transparencia e participación (RE 6500 do 23/06/2015)*
 - 10 *Moción de Boironovo Son sobre a necesidade de dotar de beirarrúas e de melloras na seguridade vial dende Vilariño ata Cimadevila (RE 9227 do 15/09/2015)*
 - 11 *Moción de Boironovo Son sobre a inclusión no calendario de vacinas a vacina da meninxite B (RE 10773 do 31/10/2015)*
 - 12 *Moción de Boironovo Son sobre a eliminación de barreiras arquitectónicas (RE 10774 do 31/10/2015)*
 - 13 *Moción de Boironovo Son sobre a creación dun parque público cuberto (RE 10822 do 03/11/2015)*
 - 14 *Moción do BNG sobre bonos de transporte para os usuarios da Unidade de Axuda a Drogodependencia (UAD) de Ribeira e Noia (RE 11449 do 23/11/2015)*
 - 15 *Moción do PSdeG-PSOF sobre a construción de varios treitos de beirarrúas (RE 11719 do 01/12/2015)*
 - 16 *Moción de IC Boiro sobre edificios en ruína (RE 12017 do 11/12/2015)*
 - 17 *Moción do BNG sobre apoio ao sector tradicional pesqueiro, marisqueiro e dos produtores de mexillón e retirada do Anteproxecto da Lei de Acuicultura de Galicia (RE 23 do 04/01/2016)*
 - 18 *Moción do BNG sobre a elaboración dun plan municipal de emprego destinado a frear a emigración xuvenil (RE 24 do 04/01/2016)*
 - 19 *Moción do BNG sobre a promoción do ano 2016 como ano das Irmandades de Fala (RE 25 do 04/01/2016)*
 - 20 *Moción de Boironovo Son sobre retirada do Anteproxecto da Lei de Acuicultura de Galicia (RE 26 do 04/01/2016)*
 - 21 *Moción de IC Boiro para incentivar e fomentar o empadramento en Boiro (RE 233 do 11/01/2016)*
 - 22 *Moción de Ciudadanos sobre a retirada do Anteproxecto da Lei de Acuicultura de Galicia (RE 463 do 15/01/2016)*
 - 23 *Moción do PSdeG-PSOE a retirada do Anteproxecto da Lei de Acuicultura de Galicia (RE 625 do 20/01/2015)*
- II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**
- 24 *Toma de coñecemento das Resolucións da Alcaldía*
 - 25 *Mocións de urxencia*
- Rogos e preguntas



Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax: 981 844 008

N.º R.E.L. 01150119



CONCELLO DE BOIRO

Praza de Galicia s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

Secretaría 3/4

SEGUNDO. NOTIFICARLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

QUINTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

Boiro, 25 de xaneiro de 2016.

O alcalde,

Juan José Dieste Ortigueira

o secretario,

Dalmiro Núñez Méndez".

RECURSOS

Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da dita Lei 30/1992.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Boiro, 25 de xaneiro de 2016

O secretario,

Dalmiro Núñez Méndez.

